

# I. Disposicións xerais

## XEFATURA DO ESTADO

**24262** *LEI 10/2000, do 28 de decembro, pola que se autoriza a participación de España na ampliación selectiva de capital do Banco Internacional de Reconstrucción e Desenvolvemento.* («BOE» 312, do 29-12-2000.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

España ingresou no Banco Internacional de Reconstrucción e Desenvolvemento-BIRD polo Decreto lei do 4 de xullo de 1958.

O 22 de xuño de 1998, a Xunta de Gobernadores do Banco Internacional de Reconstrucción e Desenvolvemento-BIRD aprobou a resolución número 518, pola que se autoriza unha ampliación selectiva de capital para ser subscrita polos gobernos do Brasil, Dinamarca, España, a República de Corea e Turquía.

Este acordo da Xunta de Gobernadores é o resultado de máis de dous anos de arduas negociacións que permitiron a cesión dos seus dereitos de subscrición, nesta ampliación, polos demais gobernos de países membros do BIRD a favor de cinco países membros, entre os que se encontra España, e que teñen unha participación accionarial no BIRD que non se corresponde coa súa importancia económica, medida esta tanto en termos do seu PNB, como canto á súa cota de contribución ó Fondo Monetario Internacional-FMI.

A cesión dos seus dereitos de subscrición polos demais países membros do BIRD é particularmente difícil porque implica unha redución de participación accionarial relativa e interprétase como unha perda de peso na presenza económica internacional do país.

Como consecuencia, as ampliacións selectivas de capital do BIRD son excepcionais e sucédense en lapsos de tempo moi cumpridos. A Xunta de Gobernadores do BIRD na reunión que aprobou a resolución número 518 adoptou tamén o acordo de non proceder a unha nova revisión do capital ata que, ó menos, transcorran cinco anos.

A ampliación de capital aprobada supón a emisión de 23.246 accións novas, por un valor nominal por acción de 120.635 dólares norteamericanos, das que 4.311 accións poderán ser subscritas por España. Isto significa que o valor nominal da cota de subscrición ascende a 520.057.485 dólares.

No caso de que España, ou os outros catro países tamén convidados a participaren nesta ampliación selec-

tiva, non ratifique a súa intención de a subscribir, a ampliación verase limitada ó importe das accións efectivamente subscritas por estes cinco países.

De acordo coa práctica establecida en anteriores ampliacións de capital do BIRD, cada país debe desembolsar un 6 por 100 do valor do capital subscrito, e o resto queda en situación de capital esixible [artigo II, Sección 7 (i) do convenio constitutivo do BIRD]. Isto significa que o capital que desembolsaría España ascendería a 31.203.449 dólares.

De acordo coa resolución número 518, o prazo para proceder á subscrición efectiva desta ampliación é ata o 31 de decembro de 1999, que se poderá delongar só ata o 31 de decembro do ano 2000 por decisión dos directores executivos do BIRD a solicitude do país afectado, e condicionado á presentación dun calendario de cumprimento dos trámites internos pendentes e encañados a ratifica-la subscrición [artigo 3 (b) da resolución número 518].

Así mesmo, segundo o teor do artigo II, sección 7 (i) do convenio constitutivo do BIRD, e do artigo 3 (c) da resolución número 518, o capital desembolsado, o 6 por 100, por cada país subscritor, deberá desembolsarse: un 10 por 100 en efectivo e en dólares norteamericanos ou en ouro e un 90 por 100 mediante a emisión dunha obriga de pagamento nominada na súa moeda nacional, e coa mesma data de emisión que a da tramitación do pagamento efectivo.

O rescate desta obriga de pagamento levarase a cabo por solicitude do Departamento de Tesourería do BIRD, en pagamentos efectivos parciais e en función das necesidades obxectivas do Departamento de Tesourería, durante o exercicio fiscal do ano 2000.

Dada a diferenza do valor contable das accións do BIRD respecto do seu valor nominal, España e os demais países subscritores desta ampliación selectiva de capital deberán soportar un custo adicional, equivalente a esta diferenza do valor contable respecto do valor nominal das accións do BIRD.

A Xunta de Gobernadores do BIRD acordou que o maior poder accionarial deste grupo de países debería reflectirse tamén nun maior compromiso futuro co portelo de préstamos concesionais para os países máis pobres membros do BIRD, os países beneficiarios da Axencia Internacional de Desenvolvemento-AID.

En consecuencia, España deberá pagar por un lado 31,2 millóns de dólares norteamericanos polo 6 por 100 do valor nominal das accións e, ademais, 46,4 millóns de dólares norteamericanos correspondentes ó maior valor contable respecto do valor nominal das accións; esta última cantidade deberase desembolsar como unha contribución especial á 12.<sup>a</sup> reposición de recursos da Axencia Internacional de Desenvolvemento-AID.

O resultado para España deste importante esforzo financeiro traduciríase nunha significativa ampliación da participación accionarial no BIRD, onde se situaría no posto 15 fronte ó 18 actual.

Ademais, España aumentaría a súa porcentaxe de participación na nova reposición de recursos ó portelo

para os países máis pobres membros do BIRD, a 12.<sup>a</sup> reposición de recursos da AID, ocupando o posto número 13 como país contribuínte.

Estes resultados corresponderíanse tanto co obxectivo de España de aumenta-la súa presenza nas institucións financeiras multilaterais, onde a súa participación aínda non reflicte o seu peso na economía mundial, como co obxectivo desexable de reforza-la contribución española á cooperación financeira internacional cos países máis pobres do mundo.

Esta lei dítase en virtude dos títulos competenciais que a Constitución atribúe ó Estado no seu artigo 149.1.3.<sup>a</sup> e 13.<sup>a</sup>, referidos ás relacións internacionais e ás bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

#### Artigo 1. *Participación.*

Autorízase o Goberno para adopta-las medidas necesarias para que España participe na ampliación selectiva de capital do Banco Internacional de Reconstrucción e Desenvolvemento-BIRD, nos termos da resolución número 518 da Xunta de Gobernadores, o texto da cal se publica como anexo á presente lei.

#### Artigo 2. *Subscrición.*

De conformidade coa resolución 518 da Xunta de Gobernadores do 22 de xuño de 1998, citada no artigo anterior, autorízase a subscrición por España de 4.311 accións novas que emitirá o Banco Internacional de Reconstrucción e Desenvolvemento-BIRD, no marco da ampliación selectiva de capital, por un valor nominal de 520.057.485 dólares norteamericanos.

#### Artigo 3. *Contribución especial á reposición de recursos da Axencia Internacional para o Desenvolvemento-AID.*

De conformidade co acordado na Xunta de Gobernadores do BIRD, a diferenza do valor en libros das accións do BIRD que subscibirá España respecto do seu valor nominal serán achegadas como unha contribución especial á 12.<sup>a</sup> reposición de recursos da AID.

#### Artigo 4. *Pagamento da subscrición.*

Un. O pagamento por España do importe do capital que se desembolsará na ampliación de capital realizarase conforme as condicións previstas na resolución número 518, en virtude das cales o país subscritor pagará ó BIRD un 0,6 por 100 do prezo das accións a subscibir en ouro ou en dólares norteamericanos e un 5,4 por 100 deste prezo na súa propia divisa.

Dous. Este desembolso, por tanto, correspóndese co 6 por 100 do total valor nominal das accións subscritas por España, e ascende a 31.203.449 dólares norteamericanos, que se pagará no momento da subscrición, nun 10 por 100, equivalente ó 0,60 por 100 do total valor nominal das accións subscritas, en efectivo, e no 90 por 100 restante, equivalente ó 5,4 por 100 do total valor nominal das accións subscritas, por medio dunha única obriga de pagamento, que deberá ser depositada no Departamento de Tesourería do BIRD, e pagadoiro á súa solicitude. A citada obriga de pagamento non será negociable nin producirá xuros.

Tres. O pagamento en efectivo realizarase con cargo á dotación orzamentaria do Fondo de Axuda ó Desenvolvemento, aplicación orzamentaria 15.23.762B.871, do exercicio fiscal de 2000.

Catro. A liquidación da obriga de pagamento realizarase, con cargo á aplicación orzamentaria 15.23.762B.871, «Dotación FAD», do Ministerio de Economía, relativa ó exercicio do ano 2000.

Disposición derradeira primeira. *Autorización para os Ministros de Asuntos Exteriores e de Economía.*

Autorízase o Ministro de Economía e o Ministro de Asuntos Exteriores para adoptaren, no marco das súas respectivas competencias, cantas medidas foren precisas para a execución do que dispón esta lei.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,

Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 28 de decembro de 2000.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,  
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

### **BANCO INTERNACIONAL DE RECONSTRUCCIÓN E DESENVOLVEMENTO. RESOLUCIÓN NÚMERO 518. AUMENTO DO CAPITAL AUTORIZADO E DA SUBSCRICIÓN DALGÚNS PAÍSES MEMBROS**

Considerando que os Gobernos do Brasil, Dinamarca, España, a República de Corea e Turquía manifestaron o seu interese en subscibiren accións adicionais do capital do Banco e que os directores executivos recomentan que sexan autorizados para o facer;

Considerando que corresponde aumenta-lo capital autorizado do Banco para o efecto, e

Considerando que a Xunta de Gobernadores prevé que, dadas as circunstancias, os países membros non van exercer-los seus dereitos prioritarios previstos na sección 3.c) do artigo II do convenio constitutivo do Banco;

Por tanto, a Xunta de Gobernadores resolve o seguinte:

1. O capital autorizado do Banco aumentarase en 23.246 accións de capital dun valor nominal de 100.000 dólares norteamericanos cada unha en termos de dólares dos Estados Unidos do peso e lei en vigor no 1 de xullo de 1944; estipúlase, sen embargo, que en caso de que Brasil, Dinamarca, España, a República de Corea e Turquía non subscibisen tódalas que se lles autoriza subscibir conforme o disposto no parágrafo 2 seguinte ata a data estipulada na alínea b) do parágrafo 3 máis adiante, ó feche de operacións da dita data, o capital autorizado quedará reducido no número de accións que se lle autorice subscibir a cada país membro en virtude desta resolución e que este non subscibise nesa data.

2. Autorízase o Banco para acepta-la subscrición de ata o número de accións do seu capital especificado máis adiante por parte do Brasil, Dinamarca, España, a República de Corea e Turquía, de acordo coas condicións estipuladas no parágrafo 3 máis adiante:

	Número de accións
Brasil .....	8.341
Dinamarca .....	3.200
España .....	4.311
República de Corea .....	6.445
Turquía .....	949
<b>Total .....</b>	<b>23.246</b>

3. As subscricións autorizadas no parágrafo 2 precedente deberanse axustar ós seguintes prazos e condicións:

- a) O prezo de subscrición será o valor nominal.  
 b) O país membro poderá subscribir accións de cando en vez antes do 31 de decembro de 1999 ou da data posterior que determinen os directores executivos, despois de considerar unha solicitude de extensión do período de subscrición presentada, na que conste un calendario das medidas que o país membro ten previsto adoptar para subscribi-las accións; estipúlase, sen embargo, que o período de subscrición non poderá delongarse máis alá do 31 de decembro do ano 2000.  
 c) Conforme o disposto na sección 7.i) do artigo II do convenio constitutivo do Banco, o país membro subscritor pagará ó Banco: i) en ouro ou dólares dos Estados Unidos, un montante equivalente ó 0,6 por 100 (seis décimos de un por cento) do prezo de subscrición das accións subscritas, e ii) na súa propia moeda, un montante equivalente ó 5,4 por 100 (cinco e catro décimos dun por cento) do prezo desa subscrición.  
 d) O Banco só esixirá o montante das subscricións pagadoiro en virtude do disposto na mencionada sección 7.i) do artigo II do convenio constitutivo do Banco que non deba pagarse segundo o disposto no parágrafo 3.c) precedente, cando o Banco o precisar para facer fronte a obrigacións por concepto de fondos tomados en préstamo polo Banco ou de préstamos garantidos pola institución, e non para o seu uso nas actividades credi-

ticias do Banco nin para cubri-los gastos administrativos deste, e

e) Para que o Banco acepte a subscrición deberase ter adoptado as seguintes medidas: i) o país membro deberá ter adoptado as medidas necesarias para autorizar a dita subscrición e deberalle proporcionar ó Banco a información que este lle solicite ó respecto, e ii) o país membro deberá ter efectuado os pagamentos estipulados no parágrafo 3.c) anterior.

4. Sen prexuízo do dereito do país membro de outorga-las aprobacións previstas na sección 2.a) e b) do artigo IV do convenio constitutivo, prevese que cada país membro que subscriba accións de conformidade co disposto nesta resolución poña ó dispor do Banco, para que este outorgue préstamos, a parte do prezo de subscrición das accións pagado na súa moeda dentro do período de ata tres anos despois da subscrición das ditas accións consonte o calendario que se acorde co Banco.

5. Se ata o 29 de maio de 1998 os países membros non notificasen ó Banco a súa intención de exercer o dereito a subscribi-la súa parte proporcional do aumento de capital disposto nesta resolución conforme as disposicións da sección 3.c) do artigo II do convenio constitutivo do Banco, considerarase que os países membros renunciarán a exercer-lo dereito.

6. Esta resolución só entrará en vigor se tódolos países membros tivesen renunciado a exercer o dereito a subscribi-la súa parte proporcional do aumento do capital autorizado do Banco disposto nesta resolución.

(Adoptada no 22 de xuño de 1998.)

## ANEXO I

### ASIGNACIÓN DE ACCIÓNS DO BIRD

**Táboa de países elixibles conforme criterios económicos (se existe ó menos un 15 por 100 de discrepancia co que debería se-la súa cota accionarial no BIRD, en función de su PNB relativo e da súa cota de participación no FMI)**

Nota sobre abreviaturas empregadas:

- Para designa-la cota de participación no FMI, empregarémola denominación CC, que significa cota calculada.
- Para designa-la cota de participación no BIRD que correspondería segundo o PNB ou segundo CC, empregarémola denominación «Cota CC ou PNB».

País	Accións no BIRD		Cota CC ou PNB — Porcentaxe (3)	85 % da cota CC ou PNB — Porcentaxe (4)	Incremento da cota para alcanza-lo 85 % da cota CC ou PNB — Porcentaxe (5)
	Número (1)	Porcentaxe (2)			
República de Corea .....	9.372	0,60	1,66	1,00	0,40
Dinamarca .....	10.251	0,66	1,00	0,85	0,19
España .....	23.686	1,52	2,08	1,77	0,25
Turquía .....	7.379	0,57	0,62	0,53	0,06
Brasil .....	24.946	1,60	2,48	2,10	0,50

País	Accións adicionais para atinxir-lo 85 % da cota CC ou PNB (6)	Capital adicional total		
		Valor (M \$ USA) (7) (a)	Capital esixible (M. \$ USA) (8)	Capital pagadoiro (M. \$ USA) (a) (b)
República de Corea .....	6.445	777,5	730,8	46,6
Dinamarca .....	3.200	386,0	362,9	23,2
España .....	4.311	520,1	488,9	31,2
Turquía .....	949	114,5	107,6	6,9
Brasil .....	8.341	1.006,2	945,8	60,4
<b>Total .....</b>	<b>23.246</b>	<b>2.804,3</b>	<b>2.636,0</b>	<b>168,3</b>

País	Valor total en libros (millóns de %) (10) (c)	Contribución especial á AID (d)			
		M. \$ USA (11)	M. de DEG (12)	% (13)	Nova AID % (14)
República de Corea .....	116,00	69,4	50,7	0,63	0,91
Dinamarca .....	57,6	34,5	25,2	0,31	1,58
España .....	77,6	46,4	33,9	0,42	1,39
Turquía .....	17,1	10,2	7,5	0,09	0,18
Brasil .....	150,2	89,8	65,6	0,82	0,95
<b>Total .....</b>	<b>418,6</b>	<b>250,3</b>	<b>182,9</b>	<b>—</b>	<b>—</b>

## Notas:

- a) O valor de cada acción é de 120.635 dólares USA. A columna (7) é o produto da columna (6) por 120.635 \$.
- b) O desembolso actual por acción do BIRD é de 7.238 dólares USA, dos cales un 10 por 100 (é dicir, 724 \$) serían pagadoiros en dólares USA, e un 90 por 100 (é dicir, 6.514 \$) serían pagadoiros na moeda do país membro. A columna (a) é o produto da columna (6) por 7.238 \$ USA.
- c) O valor en libros por acción defínese como o total de activos menos o total de pasivos, dividido polas accións emitidas a 30 de xuño de 1997 (161.945 millóns de dólares — 134.717 millóns de dólares/1.512.211) ou, o que é o mesmo, 18.005 \$ por acción. A columna (10) é o produto da columna (6) por 18.005 \$.
- d) A columna (11) é a diferenza entre o valor total en libros da columna (10) e o capital pagadoiro da columna (9). A columna (12) é o equivalente en DEG da columna (11), utilizando un tipo de cambio \$ USA/DEG de 1 DEG=1,37\$.
- A columna (13) é a porcentaxe de contribución suplementaria na columna (12) dividido pola contribución total a IDA-11 (8,05 billóns de DEG).
- A columna (14) representa a contribución especial dun membro a IDA-11 máis a súa contribución especial da columna (12), dividido pola contribución total a IDA-11 máis a contribución especial total (8,23 billóns de DEG).

**24263** LEI 11/2000, do 28 de decembro, pola que se autoriza a participación do Reino de España na 12.<sup>a</sup> reposición de recursos da Asociación Internacional de Fomento. («BOE» 312, do 29-12-2000.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 8 de abril de 1999, a Xunta de Gobernadores da Asociación Internacional de Fomento-AIF aprobou o décimo segundo aumento de recursos, mediante a resolución número 194.

Este (12.<sup>o</sup>) aumento de recursos ten por obxecto financia-las actividades (préstamo, doazóns e garantías) da AIF no período 2000-2002.

As contribucións financeiras acordadas para esta reposición de recursos ascenden a 8.649,95 millóns de dereitos especiais de xiro (DEG).

O Reino de España, que é membro da Asociación Internacional de Fomento desde 1960 (Decreto lei 11/1960, do 21 de setembro), participou desde o seu ingreso en nove aumentos de recursos e en dúas contribucións especiais.

A última destas contribucións, ó Fondo Fiduciario provisorio, levouse a cabo simultaneamente á última (11.<sup>a</sup>) reposición de recursos. As contribucións anticipadas,

que contempla a actual reposición (12.<sup>a</sup>), veñen substituír nas súas funcións o referido Fondo Fiduciario provisorio.

A política xeral de fortalecemento da presenza de España nas institucións financeiras internacionais e o seu compromiso especial cos países máis pobres do mundo, únicos beneficiarios da actividade da AIF, aconsellan a participación de España nesta reposición de recursos.

Nas negociacións celebradas e conducentes a aprobar esta reposición de recursos da AIF, e nas desenvolvidas, en paralelo, para a ampliación selectiva de capital do Banco Internacional de Reconstrución e Desenvolvemento (BIRD), que tutela e financia parcialmente as actividades da AIF, púxose de manifesto a necesidade de que España aumentase as súas achegas financeiras á AIF.

En consecuencia, España aceptou incrementa-la súa contribución á AIF por dúas vías:

En primeiro lugar, elevouse a participación de España do 1 por 100, achegado á 11.<sup>a</sup> reposición de recursos, ó 1,39 por 100 na actual (12.<sup>a</sup>) reposición.

En segundo lugar, e dado que España subscribe 4.311 accións novas do BIRD, no marco da ampliación selectiva de capital en curso, o valor contable das cales supera en 46,4 millóns de dólares americanos o seu valor nominal, acordouse, cos demais países membros do BIRD, que ese importe (valor adicional das accións) será achegado á AIF, como unha contribución especial e no marco da 12.<sup>a</sup> reposición.

Este acordo atinxe tamén o Brasil, Dinamarca, a República de Corea e Turquía, os outros catro países subscritores da ampliación selectiva de capital do BIRD, en curso de realización.